

NOME DO GRUPO:

NOMES DOS INTEGRANTES:

LÍDER DO EQUIPO:

SECRETARIO/A DO EQUIPO:

TEMA A INVESTIGAR:

INSTRUCCIÓN

- ℵ 1º Falar dos coñecementos previos sobre o tema
- ℵ 2º Ler con atención as instrucións (antes de decidir ou facer algo debemos ler as instrucións)
- ℵ 3º Establecer un plan de traballo. Este plan debe estar recollido na táboa 2.

Nesta planificación precisades:

1º reunión, que será esta clase, na que deberedes:

Recibir e ler as instrucións

Elixir líder e secretario/a

Repartir equitativamente as tarefas, empregando a táboa 1

Acordar unha planificación para o traballo

2º reunión, para ver e poñer en común toda a información atopada

(Podedes facer cantas reunións que precisades, por se queda información que non se investigou con exactitude. O/A líder será o encargado/a directo da investigación, polo que será el/ela quen decida cando a investigación está lista para ser redactada. É a súa responsabilidade que todo quede ben investigado, sen cabos soltos).

Outra reunión, para redactar cada parte investigada. Isto poden facelo cada membro por separada pero deberedes lelo todos xuntos e corrixir os erros lingüísticos, gramaticais e léxicos; pois TODOS sodes responsables do traballo.

Reunión exposición: nesta reunión repartiranse, se non se fixo con anterioridade, o que debe expoñer cada un e acordaranse unha pautas comúns para realizar unha boa exposición como práctica un mínimo de 3 veces, entre outras que deberedes poñer.

Deberedes facer alomenos un ou dous ensaio xuntos.

Nesta exposición valorarase:

1º A correcta utilización da lingua.

2º O uso correcto de diapositivas.

3º A fluidez e velocidade ao falar.

4º A posición do corpo.

5º A veracidade e comprensión dos datos,

6º A información exposta.

Última reunión, exclusiva do líder e secretario, para valorar o traballo de cada membro.

Cada membro do grupo deberá entregar á profesora a súa valoración persoal do secretario/a e do/a líder; seguindo a táboa 4.

Responsabilidades do/a líder (0,5 a maiores se realiza un bo traballo)

1. Dirixir ao equipo
2. Coordinar a todos os membros
3. Control sobre o cumprimento das instrucións
4. Control sobre o traballo do resto (que cumpran coas tarefas asignadas)
5. Informar sobre o estado do proxecto á docente
6. Informar de calquera problema á docente
7. Responsabilidade última sobre a entrega
8. Valorar obxectivamente o traballo feito
9. Respectar os membros e o seu traballo

Responsabilidades do/ secretario/a (0,25 a maiores se realiza un bo traballo)

1. Control sobre o cumprimento das instrucións
2. Coordinar a todos os membros
3. Redactar cada unha das táboas indicadas
4. Controlar a asistencia ás reunións
5. Repartir equilibradamente o traballo
6. Respectar os membros e o seu traballo

Responsabilidades dos membros

1. Facer fácil a tarefa do/a líder e secretaria/o
2. Realizar as tarefas que se lle piden
3. Asistir as reunións
4. Cumprir os prazos marcados
5. Respectar os membros e o seu traballo

ENTREGA DO TRABALLO: DÍA

EXPOSICIÓN DO MESMO: DÍA

TÁBOA 1: REPARTICIÓN DO TRABALLO

[illegible]

[illegible]

TÁBOA 2: PLANIFICACIÓN

DÍA E LUGAR DA REUNIÓN	FINALIDADE DA REUNIÓN	ACORDOS FEITOS	PROBLEMAS QUE POIDAN XURDIR	ASISTENTES ÁS REUNIÓN
1º reunión o día 09/1/2023 na clase	Recibir as instrucións, elixir líder e secretario/a, repartir as tarefas, acordar unha planificación para o traballo	Líder: Secretario: Repartición de tarefas táboa 1 Planificación nesta mesma táboa		
2º reunión día_____ en _____				
3º reunión				

4º reunión

